

**ACTA DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA E PROPOSTA DE
ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN: FACTOR
PREZO) DA OBRA DE “REPOSICIÓN DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS NÚCLEOS DE
BERTAMIRÁNS E MILLADOIRO. POS 2015**

Na Casa do Concello de Ames sendo as once horas do día vinte e oito de xuño de 2016 reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación do procedemento aberto para a contratación das obras de reposición da sinalización horizontal nos núcleos de Bertamiráns e Milladoiro.

ASISTENTES:

Presidente:

Don Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de obras do Concello.

Vogais:

- Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Dona María del Carmen Crespo Doldán, interventora accidental da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

- **Secretario:** Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, o secretario, a indicacións do presidente da Mesa expón que, na anterior reunión da mesa de contratación de data 20 de xaneiro de 2016, diante dos elevados porcentaxes de baixa presentados por algúns dos licitadores e o obxecto de comprobar se existían ofertas económicas en situación de baixa temeraria, en primeiro lugar procedeuse a realizar os cálculos (co programa da Excma. Deputación deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, observándose que a proposición presentada pola empresa Marcas Viarias SL que ofertou unha baixa dun 40,53% estaba incurso en situación de baixa temeraria.

A vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 15.2 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes naquela reunión

ACORDOU:

1º.- Dirixir escrito vía fax a empresa Marcas Viarias concedéndolle un prazo de 5 días naturais ós efectos de que xustificara diante da mesa de contratación a baixa ofertada, acompañando para elo a documentación a que se fai referencia no prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- Que unha vez presentada polas empresa requirida a documentación xustificativa da baixa remitíraselle ós servizos técnicos do Concello para que emitiran o correspondente informe.

Presentada no prazo conferido a documentación xustificativa pola empresa requirida douselle traslado á arquitecta técnica do Concello, María Gamundi Fernández, para que procedera á valoración da

documentación presentada por Marcas Viarias SL.

A técnica do Concello emite un informe que transcrito literalmente dí:

"INFORME RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES MARCAS VIARIAS SL RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DA POSIBLE INCIDENCIA DE BAIXA TEMERARIA DA OFERTA PRESENTADA NO PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DAS OBRAS DE REPOSICIÓN DA SINALIZACION HORIZONTAL DOS NÚCLEOS DE BERTAMIRÁNS E MILLADOIRO

ANTECEDENTES:

O Concello de Ames ten convocado un procedemento aberto para a execución da obra referencia, cun orzamento de licitación máis IVE de 132.241,51€. A media das ofertas presentadas polos licitadores ascende á cantidade de 96.679,70 €, e a oferta media, excluídas as ofertas extremas, a 91.915,86€. Unha vez aplicados os criterios establecidos no prego, resulta un límite de oferta temeraria de 82.724,27€, que supón un 37,44% de baixa.

Das ofertas presentadas, a seguinte atópase no suposto referido no parágrafo anterior:

MARCAS VIARIAS SL: 78.650,00 € [40,53% baixa]

A empresa presenta documentación complementaria que ten por obxecto xustificar a viabilidade da execución da obra axustándose á oferta económica presentada.

INFORME:

A documentación que achega a empresa consta de:

- Tarifa xeral de prezos da empresa subministradora "Faplisa: fabricación e aplicación de pinturas especiais".
- Relación de partidas que figuran na memoria técnica que serve de base á contratación, na que se especifica unha medición e unha relación de materiais a empregar en cada unha delas.
- Resumo de orzamento, no que se desagrega o material, a maquinaria, ferramentas e man de obra, e os capítulos correspondentes a seguridade e saúde, xestión de lixo, gastos xerais e beneficio industrial.

Avaliación da documentación aportada:

Do exame do resumo do orzamento da empresa compróbase que esta reduce as porcentaxes destinadas a gastos xerais e beneficio industrial. En concreto, para gastos xerais destina o 9,3% e para beneficio industrial, o 5,3% do PEM. Non se xustifica esta redución proposta.

O licitador fai unha estimación xenérica do custo da man de obra, da maquinaria e da ferramenta para executar a obra (xornadas diarias de encargado, oficial, e peón, así como a parte proporcional de maquinaria, ferramentas e vehículo), e establece un prezo por xornada ou día de 400€/m². Esta estimación non pode ser cotexada co orzamento do proxecto, posto que na documentación presentada pola empresa non se inclúe unha relación de prezos descompostos nos que figure o rendemento e o prezo dos materiais, da maquinaria e da man de obra por cada partida.

CONCLUSIÓN:

Examinada a documentación presentada pola empresa licitadora para xustificar a oferta económica realizada, **considérase que non a xustifica adecuadamente, polo que se informa de xeito desfavorable."**

A vista do informe desfavorable emitido por María Gamundi Fernández, en data 27 de maio, dirixiuse escrito vía fax a empresa clasificada en segundo lugar, Señalizaciones Lafuente, S.L., a cal tamén estaba incursa en situación de baixa temeraria, concedéndolle igualmente un prazo de 5 días naturais para que

xustificara a baixa temeraria, acompañando par elo a documentación á que se fai referencia no prego de cláusulas administrativas particulares. Transcorrido o prazo conferido pola devandita empresa non foi presentada documentación algunha.


Considerando que nin a empresa Marcas Viarias, SL, nin Señalizaciones Lafuente, SL xustificaron a baixa temeraria na que incorreron e polo tanto deben ser excluídas da licitación, procédese (de acordo co programa de valoración de ofertas da Excm. Diputación) a otorgar a puntuación correspondente as ofertas económicas das demais empresas presentadas e que xa non estan incursas en situación de baixa temeraria, obténdose o seguinte resultado:

Tipo de licitación con IVE: 132.241,51.- Euros

LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTOS
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	110.752,26	17,84
SERVICIOS VIALES RODIÑAL SL	107.710,72	20,22
SEÑALIZACIONES EDER SA	108.614,97	19,51
DIEZ Y COMPAÑÍA SA	104.021,17	23,11
CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	109.628,21	18,72
PROSEÑAL SLU	97.065,25	28,57
ACEINSA LEVANTE SA	96.536,32	28,96
ACEINSA MOVILIDAD SA	99.181,13	26,91
ACEINSA SALAMANCA SA	92.569,07	31,63
CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	91.167,30	32,58
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL	90.069,69	33,32
SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS DE GALICIA SA	107.828,34	20,13
SEÑALIZACIONES LAFUENTE SL	81.593,02	39,02
PROYECON GALICIA SA	107.550,85	20,35
API MOVILIDAD SA	92.132,66	31,93
SEÑALIZACIONES NORTE SL	84.545,29	37,03
MARCAS VIARIAS SL	78.650,00	41,00
XALO OBRAS E SERVICIOS SL	94.772,75	30,15
SERGONSA SERVICIOS SL	92.014,45	32,01
TEVASEÑAL SA	110.421,66	18,10
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	98.559,60	27,39
AQUABLUE SITEMAS CONSTRUCTIVOS SL	86.907,48	35,44
DECORACIONES J BELLO SL	89.924,22	33,41
HORDESCON SL	100.305,19	26,03
CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	84.470,83	37,08

Unha vez obtida a puntuación total acadada polos licitadores, a Mesa de contratación de acordo co establecido na Lei de contratos do sector público procede a elaborar a lista por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTOS
CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	84.470,83	37,08
SEÑALIZACIONES NORTE SL	84.545,29	37,03



AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL	86.907,48	35,44
DECORACIONES J BELLO SL	89.924,22	33,41
CONSTRUCCIONES FONCIANO NIETO SL	90.069,09	33,32
CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	91.167,30	32,58
SERGONSA SERVICIOS SL	92.014,45	32,01
API MOVILIDAD SA	92.132,66	31,93
ACEINSA SALAMANCA SA	92.569,07	31,63
XALO OBRAS E SERVICIOS SL	94.772,75	30,15
ACEINSA LEVANTE SA	96.536,32	28,96
PROSEÑAL SLU	97.065,25	28,57
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	98.559,60	27,39
ACEINSA MOVILIDAD SA	99.181,13	26,91
HORDESCON SL	100.305,19	26,03
DIEZ Y COMPAÑÍA SA	104.021,17	23,11
PROYECON GALICIA SA	107.550,85	20,35
SERVICIOS VIALES RODIÑAL SL	107.710,72	20,22
SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS DE GALICIA SA	107.828,34	20,13
SEÑALIZACIONES EDER SA	108.614,97	19,51
CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	109.628,21	18,72
TEVASEÑAL SA	110.421,66	18,10
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	110.752,26	17,84

A vista das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

1º Proponer ó órgano de contratación a exclusión do procedemento das empresas Marcas Viarias SL e Señalizaciones Lafuente SL por non xustificar a baixa desproporcionada na que incorreron coa súa proposta económica.

2º.- Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e proponer a adxudicación da realización das obras de **REPOSICIÓN DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS NÚCLEOS DE BERTAMIRÁNS E MILLADOIRO** á empresa **CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL con CIF B-15209794** no prezo de **sesenta e nove mil oitocentos dez euros e sesenta céntimos (69.810,60.- Euros)**, máis o I.V.E. correspondente que ascende a cantidade de **catorce mil seiscientos sesenta euros e vinte e tres céntimos (14.660,23.- €)**, así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as once horas e vinte minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.

